

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3

SESION EXTRAORDINARIA DO 19 DE MARZO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

Pérez Dávila, Alejandro
Cendón Alonso, M^a Teresa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día dezanove de marzo do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e

Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Están ausentes os membros do Grupo municipal do Partido Popular Sra. Cendón Alonso e Sr. Pérez Dávila (xustifica a súa ausencia). Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Comezamos o Pleno extraordinario de concesión da Medalla da Cidade e nomeamento de Vigueses Distinguidos coa orde do día que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

1.- (39).- CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE. EXPTE. 1271/103 (430/1101)

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 15 de marzo, acordou a concesión de Medalla da Cidade ao Museo da Cidade Quiñones de León no presente ano 2012 co gallo da festa da Reconquista da Cidade.

Por escrito de data 16 de marzo de 2012, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe-proposta:

“O RD 2568/86 que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, facúltalles para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

O Regulamento de Honores e Distincións aprobado por este Concello na súa sesión do 29 de setembro de 1981, establece como distinción (art. 7º) a Medalla

S. Extraord. 19.03.12

da Cidade que se poderá propoñer (art. 3º) por moción da Alcaldía ou grupo político, por petición popular ou por petición dun número de concelleiros igual á maioría absoluta.

A Corporación Municipal propón ao MUSEO DA CIDADE QUIÑONES DE LEÓN para a concesión da Medalla da Cidade. Esta institución está presente en boa parte da historia da cidade de Vigo durante a Idade Moderna e Contemporánea, o que fai que os vigueses a consideren como un dos seus principais sinais de identidade. Regalado á cidade polo marqués de Alcedo, foi dende a súa creación o primeiro museo de Vigo e primeira pinacoteca de Galicia, recollendo a mellor produción artística dos pintores galegos. Por outra banda, o Pazo, os xardíns e o parque constitúen un conxunto único, referente da nosa cidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Xefe de Protocolo e RR.PP. Formula a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Non asisten a Sra. Cendón Alonso e o Sr. Pérez Dávila, do Grupo municipal Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder a Medalla da Cidade, Reconquista 2012, ao MUSEO DA CIDADE QUIÑONES DE LEÓN en consideración ao seu papel preponderante como institución depositaria da arte galega e, asemade, pola súa continua dinámica cultural a prol de Vigo.

2.- (40).- NOMEAMENTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS. EXPTE. 1270/103 (429/1101)

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión que tivo lugar o día 15 de marzo, acordou o nomeamento de Vigueses Distinguidos no presente ano 2012 co gallo da festa da Reconquista da Cidade.

Por escrito de data 16 de marzo de 2012, o xefe de Relacións Públicas e

S. Extraord. 19.03.12

Protocolo, Sr. San Luis Costas, formula o seguinte informe-proposta:

“O RD 2568/86, que aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, faculta a estas para establecer e acordar a creación de honras, distincións ou condecoracións (arts. 189 a 191). Os oportunos trámites determinaranse en regulamento especial.

En aplicación do artigo 5º.3 do Regulamento de honras e distincións, aprobado por acordo plenario do 29 de setembro 1981, a Comisión de Goberno do 14 de marzo de 1988, aprobou a institucionalización do nomeamento de “Vigués Distinguido”, para galardoar á “...persoa ou grupo de persoas que se distinguiron e sobresaíron ao longo das súas vidas polas virtudes urbanas ou polo seu quefacer profesional; vigueses famosos, populares e mesmo nalgúns casos persoas que, polo seu labor calado ou polo seu auto-rexeitado protagonismo, non son coñecidas pola maioría”.

A facultade do nomeamento corresponde ao Pleno da Corporación, recollendo as propostas formuladas polos grupos políticos municipais.

A proposta do presente ano 2012, segundo notas bibliográficas no expediente, é a seguinte:

ASOCIACIÓN CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA, EN VIGO ALBORADA

Acción cidadá de loita contra a droga.

En 1982 esta asociación comezou a súa andaina no eido do labor preventivo, asistencial e de incorporación social no campo das drogodependencias, coa apertura da Comunidade Terapéutica Alborada, en Tomiño. Rapidamente sumáronse a Unidade Asistencial de Drogodependencias e o Centro de Día.

No ano 2000 a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, a través do Servizo de Menores, solicitou de ACLAD ALBORADA, a posta en funcionamento dun Centro de Día de Atención ao Menor, adicado aos comportamentos disociais e ao consumo de drogas.

Sería imposible reunir nunhas liñas todo o traballo realizado durante estes 20 anos, o esforzo de ACLAD ALBORADA para mellorar a calidade de vida dos pacientes, das súas familias e da sociedade en xeral; a colaboración e o apoio recibido das institucións públicas e privadas; o volume de pacientes atendidos; o crecemento exponencial dos indicadores asistenciais; a mellora e ampliación das súas instalacións; as dificultades de diversa índole que afrontaron; os logros acadados e as satisfaccións recibidas, fundamentalmente pola recuperación dos pacientes e, tamén, evidentemente, as decepcións e as impotencias da Asociación Ciudadana de Lucha Contra la Droga, en Vigo ante os graves efectos

S. Extraord. 19.03.12

negativos derivados do consumo de drogas e das enfermidades físicas e mentais que tal consumo produce.

Dª BERTILA FERNÁNDEZ PÉREZ

Tataraneta dun participante na defensa da cidade na invasión francesa. Secretaria da AMPA MORAIRA do CEIP Celso Emilio Ferreiro. En 2002 incorporouse como vocal na FOAMPAS da que foi presidenta e representante no Consello Escolar Municipal. É unha permanente defensora do ensino público de calidade para garantir a formación integral en igualdade de condicións. Conseguiu a asistencia domiciliaria en Galicia, a posta en marcha da Comisión de comedores e leva realizado un esforzo desinteresado ao longo de máis de 20 anos de convivencia e diálogo entre pais, nais e docentes e entre a administración e a comunidade escolar.

D. ENRIQUE LANDESA MACÍAS (Nomeamento a título póstumo)

Nado no barrio de Teis, traballou como soldador no Estaleiro de Barreiras e iniciou a súa importante traxectoria no movemento veciñal no Barrio de Coia, concretamente no movemento veciñal do barrio do Cristo da Victoria.

Foi un activo defensor do parque da Bouza durante moitos anos e desenvolveu un activo traballo cultural como presidente do Centro Cultural Recreativo Artístico Rueiro.

Estivo ademais relacionado coa actividade deportiva a través do Club Veteranos de Samil, chegando a Subcampión de España de Campo a Través e impulsando deste xeito o deporte no barrio.

ESCOLA ROSALÍA CASTRO

Fundada no ano 1955 por Antía Cal, tratou de instaurar unha escola interdisciplinaria marcando o valor do traballo en equipo e reafirmando a lingua galega, ao tempo que estableceu o estudo do inglés como segunda lingua.

Dende o comezo, a escola deu unha especial importancia á educación moderna, ao estudo do inglés coa incorporación de profesores nativos e á relación co British Council.

Nos anos 80 continúa a evolución da escola cun enorme crecemento de alumnos baixo a dirección de Antía Cal ate a súa xubilación en 1984.

No comezo dos 90 mellóranse as estruturas da escola e implántase o COU, co

que se completa o ciclo de atención educativa.

Actualmente continúa cunha renovación constante que mantén a esta escola na vangarda educativa a través dun traballo permanente no eido deportivo, intelectual e dos idiomas.

A escola cumpre 50 anos cun activo de 765 alumnos. O centro aposta pola escola como fábrica de pensamentos onde a razón e a tolerancia son as bases da aprendizaxe. Para acadar estes obxectivos, Rosalía de Castro fomenta a comunicación e participación de estudantes, profesores e pais na comunidade educativa.

PADRE CARLOS OLIVARES MOZO

Nado en Valladolid e ordenado sacerdote en Vigo xa a unha idade madura. Dende 1982 adica a súa vida ás persoas con déficits sensoriais e funda a súa Asociación de Persoas Xordas de Vigo, convocando en 1986 o primeiro curso de linguaxe de signos para persoal sanitario.

É fundador da Misión del Silencio como institución relixiosa, adicada dende 1987 a persoas con este tipo de deficiencias.

Asemade nos anos 80 abre na casa de Urzáiz 39 un centro de acollida para as xentes sen recursos, alimentando a diario un importante número de persoas en risco social e en 2002 abre o Centro Juan Pablo II na rúa Marqués de Valterra adicado ás persoas sen teito.

PAULINO FREIRE GESTOSO

Nado en Bouzas o 28 de agosto de 1934, estuda enxeñería industrial en Madrid. É pai de catro fillos. Membro da familia Freire, de grande arraigo en Bouzas.

É un dos nove fillos de Paulino Freire Costas. O seu avó crea no ano 1895: Construcións Navais Paulino Freire. Son tamén os creadores no ano 1948 da fábrica de máquinas de coser REFREY, con gran repercusión en milleiros de fogares españois.

Máis de 30 anos presidindo como Confrade maior, os famosos fogos de Bouzas, que tanta propaganda deron a Vigo e a Bouzas por todos os recunchos de España.

Fundador da Orde dos Cabaleiros das Cunchas e impulsor da RUTA MARÍTIMA O CABALEIRO DAS CUNCHAS, conseguindo na edición pasada, por primeira vez na historia xacobeá, a compostela náutica.

XATCOBEO UNIVERSIDADE DE VIGO

Un equipo de preto dun cento de persoas, integrado por docentes, investigadores e alumnos, baixo a coordinación do enxeñeiro da Universidade de Vigo Fernando Aguado, deseñaron e construíron o primeiro picosatélite galego: XaTcobeo.

Despois do seu lanzamento ao espazo o pasado mes de febreiro, o primeiro CubeSat 1U dunha universidade europea que se constrúe con estándares da Axencia Espacial Europea (ESA), funciona con éxito a pesar da complicada órbita na que se atopa. á intensa actividade solar e as elevadas radiacións.

XaTcobeo ten a súa orixe no ano 2007 cando a ESA puxo en marcha un proceso encamiñado a seleccionar un grupo de CubeSats europeos e a súa posterior inclusión, sen custe, no voo inaugural da lanzadeira europea Vega. Requisito inicial da convocatoria era que se tratase de proxectos cun marcado carácter educativo e contasen coa implicación do alumnado.

A materialización do proxecto XaTcobeo, no que á Universidade de Vigo contou coa colaboración da Axencia Espacial Europea (ESA) e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), permite á institución académica viguesa abrir unha nova liña estratéxica, a da enxeñaría aeroespacial.

(Non asisten a Sra. Cendón Alonso e o Sr. Pérez Dávila, do Grupo municipal Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear Vigueses Distinguidos, dentro dos actos a celebrar co gallo da Reconquista 2012, ás seguintes persoas e entidades:

- Asociación Ciudadana de Licha contra la Droga, Alborada.
- D^a Bertila Fernández Pérez
- D. Enrique Landesa Macías (A título póstumo)
- Escola Rosalía Castro
- Padre Carlos Olivares Mozo
- Paulino Freire Gestoso.

S. Extraord. 19.03.12

- Xatcobeo Universidade de Vigo

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.